

Práctica 4: Granulometría por tamizado

Obxectivos:

- Desenvolver destrezas no uso de material de laboratorio.
- Establecer correspondencias entre a textura e as propiedades do solo.

Material:

- Mostra de solo seca
- Balanza
- Rulo de madeira
- Tamizadores



Desenvolvemento:

1. Unha mostra de solo seco pásase a través dun **tamiz** de aceiro inoxidable con buratos grandes axitando ata que non pase máis solo.
2. Baléirase o que queda no tamiz sobre unha táboa lisa e pásase por enriba un **rulo de madeira**, sen apertar moito, para desmiazar os agregados sen romper as partículas de roca e pásase de novo ao tamiz repetindo a operación tantas veces como sexa necesario para esgotar a grava e as partículas de roca que quedan no tamiz.
3. A extracción final das outras **fraccións** realízase tamén por **tamizado** para: areas, limos e arxilas.
4. Pésanse as fraccións obtidas e calcúlanse as súas porcentaxes:
 - a. **Grava**: non pasa o primeiro tamiz (o máis grosso).
 - b. **Area**: pasa o primeiro tamiz pero non o segundo.
 - c. **Limo + arxila**: pasan o segundo tamiz (o máis fino).

$$\text{Porcentaxe dunha fracción} = \frac{\text{masa de partículas dun tipo}}{\text{masa total da mostra}} \times 100$$

5. Anótanse os resultados en táboas:

ID da mostra	Masa total da mostra	Masa de grava	Masa de area	Masa de limo + arxila

ID da mostra	Porcentaxe de grava	Porcentaxe de area	Porcentaxe de limo + arxila

Síguenos en:



@cienciaocruce



@cienciaocruce



<https://cienciaocruce.wordpress.com/>